CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

CG11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
CG13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
CE156	Identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, de raza e orientación sexual, así como dunha cultura e paz.
CE157	Sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira mediante o estudo dun certo número de autoras/es e textos provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CE158	Describir e analizar os trazos, temas, estilos e símbolos que se utilicen nos textos literarios que sexan obxectivo de estudo, relacionando estas características co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.
CE159	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos máis apropiados, e expresando oralmente e por escrito esa reflexión crítica.
CE160	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actividades de tolerancia e valores democráticos.

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
Realización de actividades que supoñan comprender e identificar as principais achegas teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG3 CG5 CG6 CG7 CG8 CG9 CG10 CG11 CG13	CE156
Descrición e análise de textos literarios, atendendo a aspectos formais e temáticos, sintetizando ideas e relacionando uns textos con outros e co contexto en que se inscribe a produción e recepción dos mesmos.	CB2 CB3	CG8 CG9	CE157 CE158 CE159
Preparación de presentacións orais, traballos escritos e outras probas que expoñan a reflexión crítica do alumnado, e a súa capacidade para construír argumentos sólidos, seguir convencións académicas, empregar evidencias e facer uso dos recursos máis apropiados.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG2 CG6 CG7 CG8	CE156 CE157 CE158 CE159 CE160
Participación en debates e outras actividades formativas en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos con outros axentes da aula, e mostrando actitudes de tolerancia e valores democráticos.	CB4	CG6 CG7 CG8 CG9 CG10	CE159 CE160

Contidos

Topic	
1. Terminology	1.1 From Commonwealth to Postcolonial 1.2 Theories of colonial discourses 1.3 Definitions of postcolonialism
2. Orientalism and Mimicry	2.1 Definition of Orientalism 2.2 Orientalist stereotypes 2.3 Criticism of Orientalism 2.4 Mimicry
3. Postcolonial Nations	3.1 Imagining the nation 3.2 Nationalist representations 3.3 The margins of the nation 3.4 English as a national language
4. Postcolonial Reading and Writing Practices	4.1 Contrapuntal reading 4.2 Postcolonial rewritings
5. Postcolonial critical alliances	5.1 Postcolonial feminisms 5.2 Postcolonial diasporas 5.3 Postcolonialism and globalization
OBSERVACIÓN: Para o estudo dos contidos teóricos de cada unidade empregarase o manual _Beginning Postcolonialism_ de John McLeod (2ª edición, 2010).	Para as sesións prácticas do bloque temáticos da unidade 1 á unidade 4 empregarase unha selección de textos que estarán publicados en Moovi Para as sesións prácticas dos bloques temáticos da unidade 4 á unidade 8 empregarase o texto de Rachna Mara _Of Customs and Excise_.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	0	2
Seminario	4	0	4
Lección maxistral	10	14	24
Traballo tutelado	22	26	48
Estudo previo	0	22	22
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	12	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	20	24
Presentación	10	4	14

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e organizar a dinámica da docencia e actividades co alumnado na primeira semana de clases.
Seminario	Actividades de formación dirixidas pola profesora que inciden máis pormenorizadamente nalgún aspecto concreto das unidades temáticas ou as complementan.
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia.
Traballo tutelado	Discusión oral dos textos literarios e/ou fílmicos por parte do alumnado baixo a supervisión da profesora. O alumnado deberá aplicar ao comentario crítico os contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais e mais nos seminarios asi como os coñecementos que vai adquirindo nas lecturas previas.
Estudo previo	O alumnado deberá ler os textos obrigatorios, tanto o manual teórico coma os diversos textos literarios, con antelación ás clases nos que se comentarán. O calendario de comentario dos textos obrigatorios estará publicado en Moovi antes do comezo das clases. O alumnado debe consultar este calendario con regularidade e ter realizada a lectura do material.

Atención personalizada

Methodologies	**Description**
Traballo tutelado	- Revisión das discusións orais dos textos literarios e/ou fílmicos por parte do alumnado. -Consultas sobre comentarios realizados na aula
Tests	**Description**
Resolución de problemas e/ou exercicios	- Autocorreción en Resolución de problemas e exercicios - Revisión de probas (en traballos de aula e probas de resposta longa)
Presentación	O alumnado consultará en grupo coa profesora para a elaboración das presentacións orais sobre relatos de Rachna Mara que se realizarán na aula.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Participación activa nas clases e exercicios de comentario de texto que poden ser escritos ou orais. Para a avaliación deste aspecto consideraranse tanto as competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión oral e/ou escrita. Terase especialmente en conta a pertinencia dos comentarios en relación aos contidos da materia.	10	CB1 CB3 CB4 CB5	CG2 CG5 CG6 CG7 CG8	CE156 CE157 CE159 CE160
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizaranse dous exames baseados nos contidos da materia, que combinarán preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos. Avaliarase en cada exame tanto a adquisición de competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión escrita. Celebraranse dentro do calendario de docencia, na hora e aula correspondentes á materia, nas semanas que se explicitan en Outros comentarios. Cada exame computará un 40% da cualificación final.	80	CB2 CB3 CB4	CG2 CG3 CG5 CG6 CG8	CE156 CE157 CE158 CE159

Presentación	Presentación oral por parte do alumnado de traballos elaborados grupalmente sobre algún dos conceptos claves da teoría e crítica postcolonial no texto _Of Customs and Excise_ de Rachna Mara, que se determinará baixo a supervisión da profesora. Cada persoa será avaliada pola súa contribución individual, e se avaliarán tanto as competencias referidas ao coñecemento da cuestión analizada como as relacionadas coa construción de argumentos e a súa expresión oral correcta.	10	CB3 CG3 CE156 CB5 CG6 CE157 CG7 CE158 CG9 CE159 CG10 CE160 CG11

Other comments on the Evaluation

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Na primeira edición de actas a avaliación será preferentemente continua. Para a **avaliación continua** é obrigatorio realizar e expoñer no prazo establecido os traballos incluídos na mesma: dous exames parciais escritos, que equivalen a un 40% da nota final cada un, e unha presentación oral, que aporta un 10% da nota final. Os traballos non realizados ou entregados fóra de prazo contarán coma un 0. Do mesmo xeito, os traballos que non cumpran os requisitos mínimos de corrección lingüística (tanto na forma oral coma na escrita) e conteñan erros gramaticais graves contarán coma un 0.
A nota mínima requerida en cada un dos traballos avaliables para facer nota media é de 3.

O **plaxio total ou parcial** en calquera tipo de traballo suporá un 0 nese traballo. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

O primeiro exame parcial terá lugar en horario de clase, na semana que coincida coa metade das horas da materia (a data precisa anunciaranse en Moovi e máis no cronograma da materia ao inicio do cuadrimestre). O segundo exame parcial coincidirá coa data para avaliación única establecida polo Decanato no calendario oficial de exames da Facultade.

Se algunha alumna/o non pode asistir regularmente ás clases e prefire optar por **avaliación única**, deberá comunicalo á profesora argumentadamente nas primeiras dúas semanas do curso. Nese caso, será avaliada/o exclusivamente mediante un exame único na data fixada no calendario oficial de exames pola Xunta de Facultade. Este exame estará baseado nos contidos da materia, e combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e a nota do exame constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible, o cal se recomenda encarecidamente. Igualmente, o alumnado que non asista ás clases será responsable de manter un contacto continuado coa materia a través de Moovi .

De suspender a avaliación na primeira convocatoria, en calquera modalidade, a/o estudante deberá examinarse de toda a materia na segunda.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO-XULLO)

Na segunda edición das actas (xuño-xullo) a avaliación levarase a cabo mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. A competencia lingüística e a correcta exposición argumentativa tamén serán avaliadas. Este exame terá lugar na data oficial de xuño-xullo establecida no calendario de exames oficial.

A AVALIACIÓN DO ALUMNADO DE INTERCAMBIO SEGUIRÁ EXACTAMENTE O MESMO PROCEDEMENTO DO ALUMNADO REGULAR DA UVIGO, SEN EXCEPCIÓNS. O ALUMNADO DE INTERCAMBIO DEBE TER EN CONTA QUE ESTA MATERIA REQUIRE UN ALTO NIVEL DE INGLÉS.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe. É responsabilidade do alumnado acceder regularmente aos contidos da materia e demáis ferramentas da plataforma Moovi.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

John McLeod, **Beginning Postcolonialism**, 2010,

Rachna Mara, **Of Customs and Excise**, 1991,

Complementary Bibliography

Bibliografia Complementaria disponible en Moovi,

Recomendacións

Subjects that continue the syllabus

Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01903
Literatura e identidade de xénero do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01904
Traballo de Fin de Grao/V01G180V01991

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Ámbitos literarios II do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01601

Subjects that it is recommended to have taken before

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401
Introdución á literatura do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01301
Ámbitos literarios I do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01502

Other comments

É imprescindible a lectura dos textos obrigatorios antes das clases.

É imprescindible o emprego de Moovi para recibir as comunicacións da profesora e o acceso ao material docente dos arquivos.

Recoméndase que o estudantado ERASMUS/Alleo comprobe previa reunión co profesorado a pertinencia na escolla da materia habida conta da súa traxectoria académica previa na súa universidade de orixe e a súa competencia lingüística.

A normativa de horarios/probas/exames e convocatorias é a mesma para todo o alumnado. Non se farán excepcións de ningún tipo co alumnado Alleo/ERASMUS.

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

PLAN DE CONTINXENCIA
1. Modalidade mixta (unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono --preferentemente-- ou asíncrono):
Se manteñen as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

2. Modalidade non presencial:
Se manteñen metodoloxías, contidos, avaliación e titorías coa excepción de que se faría mediante as ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico, Moovi).

IDENTIFYING DATA				
Historia do primeiro idioma estranxeiro: Inglés				
Subject	Historia do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Code	V01G180V01603			
Study programme	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	2c
Teaching language	Inglés			
Department	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinator	González Álvarez, María Dolores			
Lecturers	González Álvarez, María Dolores			
E-mail	dglez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
General description	Nesta materia estudaremos a historia da lingua inglesa dende as súas orixes na familia xermánica ata o seu estado hoxe en día como unha das linguas faladas maioritariamente no mundo. Estudaremos cambios internos, como cambios fonolóxicos e sintácticos, e tamén cambios externos, como as forzas sociais e culturais que poden resultar en cambio lingüístico. Os obxectivos principais desta materia son: (a) ofrecer unha visión global da historia da lingua inglesa a nivel lingüístico (ortografía, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, léxico); (b) proporcionar as ferramentas esenciais para levar a cabo o estudo da historia da lingua inglesa, en inglés antigo, inglés medio e inglés moderno; por exemplo, traballando con dicionarios, corpora e outros materiais en liña.			

Competencias	
Code	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
CG13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
CE96	Ser capaz de identificar e analizar as variables (internas e externas) que poidan afectar o uso dunha lingua e provocar un cambio lingüístico.

CE97	Adquirir coñecementos imprescindibles para explicar os cambios máis significativos sufridos polo léxico, ortografía, fonoloxía, morfoloxía e sintaxe do primeiro idioma estranxeiro desde as súas orixes ata a actualidade.
CE98	Adquirir as ferramentas metodolóxicas básicas para a análise lingüística de textos de diferentes etapas históricas do primeiro idioma estranxeiro.
CE99	Manexar adecuadamente e explotar con aproveitamento os recursos dispoñibles para o estudo e análise do primeiro idioma estranxeiro: cursos na rede, exercicios con autocorreción na rede, dicionarios históricos e etimolóxicos en papel, en CD-ROM e na web, concordancias, corpora históricos, paquetes estatísticos, manuscritos dixitalizados en liña, etc.
CE100	Avaliar e analizar datos históricos sendo consciente das limitacións do material histórico e os problemas que leva a súa interpretación.
CE102	Adquirir interese pola historia das linguas e os principios universais de cambio lingüístico e a súa importancia á hora de explicar (as aparentes irregularidades de) os idiomas modernos.
CE103	Entender que o cambio lingüístico é un fenómeno continuo (e non suma de diversos estadios sincrónicos) e inevitable non un síntoma de corrupción ou dexeneración da lingua que o sofre.
CE104	Comprender a relación existente entre variación sincrónica e cambio diacrónico.
CE105	Comprender a interacción existente entre lingua, historia e sociedade.

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
2. Coñecemento dos cambios máis significativos sufridos polo léxico, ortografía, fonoloxía, morfoloxía e sintaxe do primeiro idioma estranxeiro dende as súas orixes ata a actualidade.	CB1 CB2 CB5	CG3 CG5 CG6 CG10	CE97 CE104
3. Adquisición das ferramentas metodolóxicas básicas para a análise lingüística de textos de diferentes etapas históricas do primeiro idioma estranxeiro.	CB3	CG3 CG4 CG12	CE98 CE99 CE100 CE103
4. Manexo adecuado e explotación dos recursos dispoñibles para o estudo e a análise do primeiro idioma estranxeiro.	CB3	CG4 CG12	CE98 CE99 CE100
5. Resolución de problemas de lingüística histórica e elaboración de traballos académicos de calidade.	CB3 CB4	CG6 CG8 CG9	CE96 CE102 CE103
6. Comprensión da interación existente entre lingua, historia e sociedade.	CB3	CG13	CE105

Contidos

Topic	
1. Introduction.	Historical background. Historical Linguistics and Language Change. Methods, materials and limitations.
2. English and its Germanic background.	The PIE and Germanic roots of English. Cognates and loan words. Sound laws.
3. The sounds and words of Old English.	OE writing and sounds. OE vocabulary. Language contact in OE.
4. The sounds and words of Middle English.	Orthographic and sound changes from OE to ME. Language contact and vocabulary in ME.
5. Morphology from Old English to Middle English.	Loss of inflection. Pronouns. Nouns. Demonstratives. Adjectives. Verbs.
6. Syntax from Old to Middle English.	Verbal Periphrases. Word order.
7. Early Modern English.	Phonology and spelling. Morphology and syntax. Lexical change and dictionary making.
8. Dialects in early English.	Main features of OE and ME dialects. The development of standard English

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	24	24	48
Presentación	5	15	20
Resolución de problemas	21	35	56
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	12	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	12	12

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos da materia seguindo o temario.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Resolución de problemas	Resolución de exercicios prácticos e/ou actividades dirixidas baseados nos contidos teóricos da materia explicados previamente. Son complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Resolución de problemas	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (na aula) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Presentación	Para un óptimo seguimento e aproveitamento da materia, o alumnado contará con atención personalizada en modalidade presencial (na aula) e en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma Tema de teledocencia e o correo electrónico). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas das presentación, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de elaboración da presentación.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess		
Presentación	O/A estudante presenta o resultado obtido na elaboración dunha presentación / documento sobre a temática da materia, en grupo e de forma oral.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG8 CG9 CG10 CG12 CG13	CE96 CE97 CE98 CE100 CE102 CE103 CE104 CE105
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. O alumnado debe desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	45	CB1 CB4 CB5	CG3 CG4 CG6 CG8 CG9	CE96 CE97 CE98 CE100 CE102 CE103 CE104 CE105
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os/As alumnos/as deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	40	CB1 CB4 CB5	CG3 CG4 CG6 CG8 CG9	CE96 CE97 CE98 CE100 CE102 CE103 CE104 CE105

Other comments on the Evaluation

1ª edición de actas

A **avaliación** será **continua** e realizarase consonte ao detallado nesta sección.

Presentación (15%). A presentación levarase a cabo en grupo. A extensión e temática negociarase co/a profesor/a durante as primeiras catro sesións do curso. Se a/o estudante non contacta co/a profesor/a para negociar grupo, tema e data de presentación, a/o estudante perderá o 15% completo.

Na primeira edición de actas, o progreso do alumnado será avaliado principalmente en **dous exames (40% o primeiro parcial e 45% o segundo)**, mediante os que se avaliarán a habilidade de aplicar o coñecemento teórico aos temas explicados nas sesións maxistrais e nos seminarios. O primeiro exame terá lugar na data fixada no programa da materia que se lle presenta ao alumnado na primeira sesión. O segundo exame terá lugar no período de exames en maio e coincidirá coa data de exame de avaliación única aprobada pola Xunta da FFT.

É obrigatorio presentarse aos dous exames parciais e facer a presentación durante unha sesión presencial; de non ser así, a/o estudante perderá a avaliación continua e deberá ir á segunda edición de actas en xullo con toda a materia.

Para aprobar a materia, a nota de cada unha das probas parciais (40% e 45% respectivamente) debe de superar unha cualificación de 4 sobre 10 e a nota de corte global (85%) debe ser superior ao 4,5 sobre 10. De non acadar a cualificación establecida como corte para cada una das probas parciais (4) e global (4,5), a nota da presentación NON fará media aritmética e a nota final será de 'suspenso'. No caso de que a cualificación dun dos parciais non acade unha nota de 4 sobre 10, a/o estudante poderá repetir só esa proba no período de exames de xullo.

A asistencia ás aulas é altamente recomendable e aconsellable. Terase en conta a participación activa na clase, especialmente na elaboración de exercicios; porén, a asistencia por si mesma non é un elemento avaliable. Se un/ha alumna/o, por causas de forza maior debidamente xustificadas, non puidese realizar algunha proba, deberá falar co/a profesor/a, con anterioridade á data de realización da proba. Os exames parciais considéranse oficiais, e polo tanto, un cambio de data debe de estar sempre suficientemente xustificado (accidente, operación quirúrxica ou falecemento de familiar en primeiro grado na data exacta do exame).

1ª edición de actas, avaliación única

Haberá unha modalidade de avaliación única na primeira edición de actas para aquelas/es estudantes que por motivos xustificados non poidan facer un seguimento regular da materia en avaliación continua.

A avaliación constará dun exame extenso baseado nos contidos da materia. Para o alumnado que escolla dende o comezo de curso o sistema de avaliación única, a nota deste exame constituirá o 100% da cualificación final. A data deste exame será a establecida pola Xunta de FFT para o período de exames de maio. Para superar esta proba, o/a alumno/a debe de acadar un 5 sobre 10.

A escolla da opción de avaliación única en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posible. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsable de manter un contacto continuado coa materia a través da plataforma Moovi.

2ª edición de actas

Para as/os estudantes da modalidade de avaliación única e para as/os estudantes de avaliación continua que non acadaran un 4 en ningún dos dos exames parciais, a avaliación consistirá nun exame baseado nos contidos da materia e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade. Para superar esta proba, o/a alumno/a debe de acadar un 5 sobre 10. O resto do alumnado poder presentarse só ao exame no que non acadara a nota de corte na primeira oportunidade de avaliación e conservará o resto das cualificacións (exame con máis dun 4 e presentación). Como na primera edición de actas, a nota da presentación NON fará media se a nota global dos examen non é 4,5 ou superior.

Bibliografía. Fontes de información
Basic Bibliography
Complementary Bibliography
Brinton, L. J. and L. K. Arnovick, **The English Language. A Linguistic History.**, 2nd, Oxford University Press, 2011
Baugh, A.C. and T. Cable, **A History of the English Language**, 6th, Routledge, 2013
Bragg, M., **The Adventure of English. The Biography of a Language**, Arcade Publishing, 2006
Crystal, D., **The Stories of English**, Penguin, 2005
Freeborn, D., **From Old English to Standard English. A Course Book in Language Variation across Time**, 2nd, Macmillan, 1998
Gelderen, E. van, **A History of the English Language.**, rev., John Benjamins, 2014
Görlach, M., **The Linguistic History of English. An Introduction**, Macmillan, 1997
Gramley, Stephan, **The History of English: An Introduction**, Routledge, 2012
Hogg, R. and D. Denison, **A History of the English Language**, Cambridge University Press, 2006
Millward, C.M., **A Biography of the English Language**, 3rd, Holt, Rinehart & Winston, 2012

Recomendacións
Subjects that continue the syllabus
Variación e cambio do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01911

Subjects that it is recommended to have taken before

Morfosintaxe do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01402
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Other comments

A avaliación terá moi en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MOOVI e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo, presentación ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

As/os estudantes de intercambio deben consultar co/a profesor/a da materia se teñen estudos lingüísticos previos para poder seguir esta materia adecuadamente.

Plan de Continxencias

Description

I. MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

II. ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS
As metodoloxías utilizadas adaptaranse á docencia non presencial do xeito que se expón debaixo.

2. Metodoloxías docentes que se modifican
2.1. A lección maxistral, consistente na exposición por parte da docente dos contidos da materia, impartirase de xeito síncrono por medio do campus remoto ou asíncrono mediante exposición en formato de vídeo, a través da plataforma Moovi e das aulas virtuais da UVigo. As explicacións teóricas irán acompañadas de exercicios a desenvolver polos estudantes para consolidar os coñecementos adquiridos.
2.2. A resolución de problemas farase como complemento ás lecciónns maxistrais. Os problemas ou exercicios serán presentados por medio da plataforma Moovi. A corrección dos exercicios farase de maneira asíncrona mediante follas de respostas que a docente subirá á plataforma e videos explicativos.
2.3. As presentacións orais na clase realizaranse por medio de Moovi ou as aulas virtuais da UVigo de xeito asíncrono, isto é, mediante a subida de arquivos de vídeo por parte do alumnado en datas que serán fixadas pola docente con suficiente antelación.

3. Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
O alumnado concertará unha data e hora de titorías non presenciais coa docente, que atenderá no espazo do despacho virtual.
Como alternativa, a docentes poderá resolver dúbidas concretas respecto aos contidos da materia por medio de correo electrónico.

4. Modificacións dos contidos a impartir
Os contidos non se modifican nin en canto á temática nin en canto á secuenciación da aprendizaxe. Modifícase, tal e como se explica no apartado 2, as metodoloxías docentes para impartir eses contidos.

5. Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
A bibliografía contida nesta guía docente está concebida para permitir e facilitar a autoaprendizaxe. En caso de precisar bibliografía a maiores, o alumnado acudirá a titorías virtuais coa/s docente/s, que lle facilitará/n referenzas bibliográficas para complementar as xa referidas.

III. ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN
En caso de que as autoridades académicas indiquen a necesidade de realizar exames non presenciais por necesidades sanitarias se implementará un sistema de Avaliación non presencial mediante as plataformas Moovi e as aulas virtuais da Universidade de Vigo. A presentación farase de forma asíncrona. O estudantado a gravará en vídeo e a enviará á docente na

data acordada.
As porcentaxes correspondentes a cada parte da materia non variarán en ningún caso.
Se o alumnado de avaliación continua tivese feito probas parciais antes de adoptarse a modalidade non presencial, as notas obtidas gardaranse para o cómputo final e farán media coas probas realizadas de xeito non presencial (a materia será avaliada mediante dúas probas parciais ao longo do curso, tal e como se explica no apartado correspondente da presente guía).

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

IDENTIFYING DATA				
Segundo idioma estranxeiro V: Francés				
Subject	Segundo idioma estranxeiro V: Francés			
Code	V01G180V01604			
Study programme	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	3	1c
Teaching language	Francés			
Department	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinator	Agustín Guijarro, Javier de			
Lecturers	Agustín Guijarro, Javier de			
E-mail	jagustin@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
General description	Neste curso, exercitarase e afianzará as competencias gramatical e comunicativa adquiridas previamente (Francés I, II, III, IV) e traballarase especialmente no desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión escritas, tendo en conta tanto a cohesión e a coherencia no discurso, como a diversidade expresiva e a tipoloxía textual. Nesta materia, se parte dun nivel B2 e espérase alcanzar un nivel C1.			

Competencias	
Code	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
CE17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
CE20	Mostrar un coñecemento medio-alto do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de civilización.
CE22	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.

CE147 Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

Resultados de aprendizaxe			
Learning outcomes	Competences		
Coñecemento medio-alto da segunda lingua como lingua estranxeira.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG3 CG5 CG7 CG8 CG11 CG12	CE17 CE20 CE22 CE147
Desenvolvemento da capacidade de uso da lingua e da aplicación práctica dos coñecementos morfosintácticos e semánticos.	CB1 CB2 CB3 CB4	CG1 CG3 CG5 CG7 CG8 CG11 CG12	CE17 CE20 CE22 CE147
Capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o segundo idioma estranxeiro.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG3 CG5 CG7 CG8 CG11 CG12	CE17 CE20 CE22 CE147

Contidos	
Topic	
1. SAVOIRS GRAMMATICAUX: La caractérisation du verbe par des adverbes et des locutions. La caractérisation du nom par des adjectifs, des phrases relatives et des groupes prépositionnels : la place des adjectifs (rappel et synthèse), le comparatif (rappel et synthèse), le superlatif (rappel et synthèse). SAVOIRS LEXICAUX : L'humeur et les sentiments. Les spectacles.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Écrire un résumé. Prendre la parole. Jouer un dialogue.
2. SAVOIRS GRAMMATICAUX: Les structures de l'interrogation (rappel et approfondissement). Les structures de la négation (rappel et approfondissement). SAVOIRS LEXICAUX : L'entreprenariat et le système. Les inventions et les créations.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Mettre en évidence. Négocier en s'opposant. Faire la promotion d'un objet.
3. SAVOIRS GRAMMATICAUX: Les formes verbales du passé (rappel et approfondissement): le passé composé, l'imparfait, le plus-que parfait, le passé surcomposé, le passé simple et l'infinitif passé. SAVOIRS LEXICAUX : Les images et la publicité. Les langues et la francophonie.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Écrire le récit de son arrivée dans une ville inconnue. Rédiger un guide de bonnes pratiques. Imaginer une publicité mensongère.
4. SAVOIRS GRAMMATICAUX: Les formes verbales dites en -R- (rappel et approfondissement) : le futur simple, le futur antérieur, le conditionnel présent, le conditionnel passé première forme, le conditionnel passé deuxième forme. SAVOIRS LEXICAUX : Le travail et la parité. Le verlan.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Passer la parole à quelqu'un. Nuancer ses propos. Soumettre des idées lors d'une réunion.

5. SAVOIRS GRAMMATICAUX: L'actif, le passif et la nominalisation : l'emploi du passif, le passif tous temps, la nominalisation et la forme passive, la structure SE FAIRE + infinitif. SAVOIRS LEXICAUX : L'art et la médiation. La famille et la société.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Créer une affiche polémique. Illustrer ses propos. Écrire un article à plusieurs. Faire une interview.
6. SAVOIRS GRAMMATICAUX: L'interaction énonciative et les propos rapportés : le discours direct, le discours indirect, le discours indirect libre. SAVOIRS LEXICAUX : Le luxe et l'excellence. Les rêves et l'environnement.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Décrire un environnement. Rapporter des propos. Faire le commentaire d'un événement mondain.
7. SAVOIRS GRAMMATICAUX: Les structures relatives (rappel, approfondissement et synthèse) : Les phrases relatives portant sur un pronom démonstratif, DONT et les relatifs composés, DONT en construction nominale et verbale. SAVOIRS LEXICAUX : L'exode et les communautés. L'engagement.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Empêcher quelqu'un de parler. Préciser ses propos.
8 SAVOIRS GRAMMATICAUX: La modalisation indicatif-subjonctif : la classe des introducteurs 1, 2 et 3, le subjonctif dans les phrases relatives et après le superlatif. SAVOIRS LEXICAUX : Les symboles et la politique. L'aventure.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : S'excuser de ses propos incertains. Inventer et décrire un super-héros.
9. SAVOIRS GRAMMATICAUX: Les marqueurs du temps (rappel et synthèse) : les marqueurs du début, de la durée, de la fin, de la fréquence ; les marqueurs du duratif et du ponctuel ; les marqueurs de l'antériorité, de la postériorité, de la simultanéité ; l'interrogation portant sur le temps. SAVOIRS LEXICAUX : La santé et la génétique.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Conclure ses propos. Défendre un projet. Convaincre son public.
10. SAVOIRS GRAMMATICAUX: L'expression de la condition et de l'hypothèse (rappel et synthèse). L'expression du but et de la causalité (rappel et approfondissement) : la mise en relief du but et de la cause, les propositions participes, la conséquence et les rapports d'intensité. L'expression de l'opposition, de la concession et de la restriction (rappel et approfondissement). SAVOIRS LEXICAUX : Les mégalopoles, les villes et les villages.	SAVOIR-FAIRE COMMUNICATIFS : Rédiger une synthèse. Rédiger un compte-rendu.

Planificación			
	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	26	32	58
Prácticas con apoio das TIC	0	10	10
Traballo tutelado	0	10	10
Presentación	1	8	9
Resolución de problemas de forma autónoma	21	38	59
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	0	2
*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.			

Metodoloxía docente	
	Description
Lección maxistral	Explicación por parte do docente dos contidos relativos á fonética, morfosintaxis, lexicología e semántica.
Prácticas con apoio das TIC	Resolución de exercicios prácticos vinculados ás explicacións teóricas, nos diferentes compoñentes da lingua.
Traballo tutelado	Lectura anotada dun libro proposto. Traballo descritivo dalgún aspecto da sociedade ou da cultura, en Francia ou nos países de lingua francesa.
Presentación	Presentación oral individual ou en grupo do traballo descritivo dalgún aspecto da sociedade ou da cultura, en Francia ou nos países de lingua francesa.
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS PARA MODALIDADE NON PRESENCIAL ===

Mantense todas as metodoloxías docentes, pero terá mais importancia o traballo tutelado, o traballo con materiais audiovisuales, o traballo de investigación, e as prácticas orientadas por vía telemática.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Indicarase bibliografía dispoñible na nube.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN PARA MODALIDADE NON PRESENCIAL ===
Para avaliación continua: (a) Traballo tutelado a partir dunha lectura, 1200 palabras: 50% da nota. (b) Dous exercicios de comprensión/expresión oral/escrita: 50% da nota.

Para avaliación única: exercicio de comprensión/expresión escrita, 100% da nota.

=== MODALIDADE MIXTA ===
Para esta modalidade manteranse os procementos e probas de avaliación da modalidade non presencial.

IDENTIFYING DATA				
Terceiro idioma estranxeiro II: Alemán				
Subject	Terceiro idioma estranxeiro II: Alemán			
Code	V01G180V01704			
Study programme	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	4	1c
Teaching language	Alemán Castelán			
Department	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinator	Corvo Sánchez, María José			
Lecturers	Corvo Sánchez, María José			
E-mail	mcorvo@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
General description	É unha materia de seis créditos que se imparte no primeiro cuadrimestre do cuarto curso do grao, coa fin de continuar a materia Terceiro Idioma Estranxeiro I, impartida no terceiro curso como iniciación á lingua alemá básica e á súa cultura. É por isto unha materia de consolidación dunha boa base na adquisición da competencia comprensiva e produtiva das estruturas gramaticais básicas do alemán, tanto na expresión escrita coma na oral, e así mesmo nos coñecementos da súa cultura. Pártese dun nivel A1.1. Se persegue un nivel A1.2 ao finalizar o cuadrimestre.			

Competencias	
Code	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
CG13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.

CE31	Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
CE32	Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais , léxicos e fraseolóxicos.
CE33	Coñecer os aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.
CE34	Mostrar un coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe a perspectiva lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.
CE35	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma estranxeiro co propio.
CE36	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o terceiro idioma estranxeiro e alleos.

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
Coñecemento progresivo do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	CB1 CB2	CG1 CG10 CG12 CG13	CE31 CE32 CE33 CE34
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais terceiro idioma estranxeiro co propio.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG10 CG12 CG13	CE31 CE32 CE34 CE35
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG7 CG10 CG12 CG13	CE33 CE36

Contidos

Topic	
1. O alemán: lingua e dialectos A pronunciación estándar O alfabeto ortográfico alemán	Frases usuais No curso de alemán
2. As palabras e as oracións A conxugación e a declinación. Repaso e ampliación: artigos, nomes e pronomes; o xenitivo	Aprendizaxe da língua: Sprachenlernen
3. As preoposicións de caso fijo: repaso e ampliación	Arbeitsalltag: na oficina, na empresa, as redes sociais: Büroalltag, Telefon, Briefstandards
4. Verbos reflexivos	Profesións Imaxes de Alemaña: o mapa e as cidades
5. O imperativo (II) Os verbos modais: repaso e ampliación	O corpo: partes do corpo e o seu coidado
6. O adxectivo: repaso e ampliación	A saúde, medicamentos, no médico
7. As preposicións de doble caso ou Wechselpräpositionen	A vivenda: Wohnung, Zimmer und Räume, Möbel und Geräte, Farben, Wohnformen
8. O Perfekt ou pretérito perfecto	Falar do pasado
9. Verbos e preposicións Participio II: verbos separables e inseparables	O estudo e as profesións

10. Os determinantes e os pronomes: repaso e ampliación Welch- e dies- Os pronomes persoais	A roupa e as tendencias: Kleidung, Stockwerke und Waren im Kaufhaus, Geschäfte und Läden
11. Repaso: declinación, nombres y pronombres As indicacións temporáis	As vacacións e as viaxes: Urlaubsarten und Reiseziele, Sehenswürdigkeiten O tempo
Observación: Este temario inicial está aberto a novas propostas que poidan xurdir durante o desenvolvemento das clases desta materia no referente aos temas de Landeskunde aquí mencionados.	Outros temas de contido cultural ou de Landeskunde.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	8	0	8
Traballo tutelado	32	64	96
Seminario	1	0	1
Presentación	8	20	28
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	14	16

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Explicación do programa e do desenvolvemento da materia: descrición das características do curso, contidos, metodoloxía, avaliación e presentación do manual, dicionarios e outras ferramentas de traballo complementarias.
Lección maxistral	Exposicións teóricas e aprendizaxe gramatical, léxica e cultural.
Traballo tutelado	Práctica de lectura, escritura e tradución, corrección de exercicios, exposicións, elaboración de actividades ou traballos individuais complementarios e resolución das dificultades lingüísticas e culturais.
Seminario	Asesoramento e apoio na elección e na preparación das exposicións dos temas escollidos polo alumnado.
Presentación	Presentacións curtas por parte do alumnado de temas culturais xerais do ámbito alemán e de interese para a clase.

Atención personalizada

Methodologies	**Description**
Presentación	Seguimento e apoio na preparación da presentación fóra da aula mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico e apoio na aula durante a exposición.
Traballo tutelado	Seguimento e apoio na preparación e realización das tarefas do curso, tanto na aula como fóra dela, mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.
Tests	**Description**
Resolución de problemas e/ou exercicios	Seguimento e apoio na preparación e realización das probas, tanto na aula como fóra dela mediante titorías personalizadas no despacho ou non presenciais mediante o correo electrónico.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess		
Traballo tutelado	Valoración continua da participación activa en todas as actividades desenvolvidas no aula. Puntuación dos traballos e exercicios entregados durante o curso nas clases teóricas e prácticas.	30	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG3 CG4 CG5 CG6 CG7 CG8 CG13	CE31 CE32 CE35 CE36

Presentación	Valoración da aportación persoal do alumnado á materia.	10	CB2 CB3 CB4	CG1 CG7 CG10 CG12 CG13	CE33 CE36
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame escrito de contido léxico, gramatical e cultural; proba oral de apoio en casos puntuales que o requiran, como avaliación única ou casos dubidosos con baixa nota no escrito. A nota sería a suma de ambas probas (escrita e oral).	60	CB3	CG4 CG5 CG6 CG7 CG8	CE31 CE32 CE33 CE34

Other comments on the Evaluation

O desenvolvemento desta materia apóiase no método **NETZWERK** e o emprego do seu manual ten **carácter obligatorio**: véxase a referencia na sección de bibliografía desta guía. É responsabilidade do alumnado obter unha copia impresa ou dixital de devandita referencia para o bo seguimiento do curso.

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A avaliación e conseguinte cualificación do traballo do alumnado levarase acabo cun procedemento de **avaliación continua** de acordo coas metodoloxías e porcentaxes descritas máis arriba.
Para obter o 30% establecido para os traballos de aula, atenderase á participación regular e activa na aula (orientativamente, sobre a base dunha asistencia non inferior ó 80% das horas totais), además da entrega de traballos. Os criterios serán explicados na primeira sesión do cuadrimestre serán publicados en Moovi. A proba escrita realizarase na data fixada para esta materia no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT. Para poder presentarse a ela é requisito obter polo menos un 4 nas actividades ou traballos de aula.
O alumnado que non se acolla ao sistema de avaliación continua debe comunicarlle á profesora responsable da materia (María José Corvo Sánchez) que se acolle á **avaliación única** ao comezo do curso, durante as primeiras dúas semanas de clase.
Este alumnado deberá realizar un exame escrito na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT sobre os contidos da materia (e as lecciónes do método Netzwerk) e máis un traballo escrito extenso (superior a 15 páxinas) de carácter lingüístico ou cultural para superar a materia. Tambén unha proba oral. As porcentaxes de avaliación son: 40% para a elaboración do traballo escrito extenso e 60% para os exames ou probas escrita e oral (30% + 30%). A profesora responsable da materia será quen determinará o contido e o desenvolvemento do traballo escrito e acordarao co alumnado. O traballo escrito debe ser entregado con anterioridade á celebración do exame escrito; a data límite de entrega é ás 12:00h do venres anterior ao día do exame escrito. A entrega do traballo será requisito previo para que o alumnado poida optar á realización do exame escrito; así mesmo, será requisito previo obter unha nota de 4 como mínimo neste para poder acceder á proba oral.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)
Para o alumnado que durante o curso se acolleu á **avaliación continua**, exame teórico-práctico escrito dos contidos do curso polo 100% da cualificación, que se realizará na data fixada no calendario de exames aprobado pola Xunta de FFT. Quen durante o curso obtivo un resultado positivo pola súa participación activa nas clases, pode recibir unha mellora da súa nota agora de ata 2 puntos sobre 10, se así o considera a profesora responsable.
Para o alumnado que durante ocurso se acolleu á **avaliación única** siguense os mesmos criterios de avaliación que na primeira edición.

ADEMÁIS, en calquera das convocatorias de exames e independentemente da modalidade, continua ou única, debe terse en conta também o seguinte.
En todas as achegas evaluables, as notas non deberán ser inferior a 4 para superar a materia. Os resultados positivos obtidos na primeira convocatoria de exames (avaliación continua e única), malia a non superación da materia, gardaríanse para a nota da segunda convocatoria, de modo que o alumnado non tivese que repetir unha aportación evaluable xa superada.
O profesorado pode esixir a realización dunha proba oral complementaria a aquel alumnado que, segundo o seu criterio razoado, non demostrase suficiente competencia na materia, porque o profesorado por calquera causa precise confirmar mellor o seu nivel na materia ou ben en caso de sospeita da autenticidad da autoría de calquera achega evaluable (traballo de aula, traballos escritos, exames), xa sexa por copia ou por plagio. O contido estaría orientado a unha ou máis das achegas evaluables e a nota repercutiría,respectivamente, na porcentaxe establecida para cada unha delas.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Stefanie Dengler, Tanja Mayr-Sieber, Paul Rusch, Helen Schmitz, **Netzwerk neu A1.2**, Langenscheidt, 2019

Complementary Bibliography

Collins. Diccionario Compact Plus. Español Alemán. Deutsch Spanisch, HarperCollins Publishers, 2013
Tschirner, E., **Grund- und Aufbauwortschatz. Deutsch als Fremdsprache nach Themen**, Cornelsen, 2008
Davies, H., **Diccionario de alemán para principiantes (Dicc. ilustrado)**, Susaeta Ediciones, 1996
Langenscheidt, **Diccionario Moderno Alemán. Español-Alemán, Alemán-Español**, Langenscheidt, 2009
Langenscheidt, **Langenscheidt Diccionario Básico Alemán**, Langenscheidt, 2001
Pons. Kompaktwörterbuch Spanisch. Spanisch-Deutsch, Deutsch-Spanisch, Ernst Klett Sprachen GmbH, 2009
Larousse Planeta, **Vocabulario Básico del alemán**, España, Larousse Planeta, 2013
Braucek, B. / Castell, A., **Verbos alemanes**, Idiomas, 2002
Castell, A., **Gramática de la lengua alemana**, Idiomas, 2011
Corcoll, B./ R., **Gramática Programm: Alemán para hispanohablantes**, Herder, 1999
Funk, H. et al., **Deutsche Grammatik**, Cornelsen, 2006
Horbert R./ U., **Der kleine Duden. Gramática del alemán**, Max Hueber Verlag-Editorial Idiomas, 2004
Larousse, **Gramática Alemana**, Larousse Editorial S. A., 2009
Ruipérez, G., **Gramática Alemana**, Cátedra, 2006

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Terceiro idioma estranxeiro I: Alemán/V01G180V01505

Other comments

Recoméndase ter coñecementos básicos do idioma alemán superiores ó nivel A1.1. equivalentes a 9 créditos desta materia.

Recoméndase a asistencia ás clases, a participación activa e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

Recoméndase ademais ter en conta os aspectos seguintes:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Moovi e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
3. O alumnado visitante en programas de intercambio con universidades estranxeiras, deberá ter en conta a lingua e o nivel de lingua do curso.
4. Ademais dos contidos e pertinencia dos exercicios e exame escrito, valorarase a corrección lingüística dos mesmos.

Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A1.2. en alemán.

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

De acordo con isto, débense ter en conta as seguintes consideracións para calquera das convocatorias de exames.

Manteranse os criterios de avaliación, as metodoloxías docentes e a atención ao alumnado, aínda que adaptadas á situación que concorra en cada caso, mediante Campus Remoto e a través do sistema de Despachos e outras ferramentas virtuales, ademais do uso de Moovi e do correo electrónico.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

IDENTIFYING DATA				
Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués				
Subject	Terceiro idioma estranxeiro II: Portugués			
Code	V01G180V01705			
Study programme	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	4	1c
Teaching language	Portugués			
Department	Filoloxía galega e latina			
Coordinator	Arias Freixedo, Xosé Bieito			
Lecturers				
E-mail				
Web	http://moovi.uvigo.es			
General description	Nesta materia trátase de adquirir coñecementos intermedios de Lingua Portuguesa, chegando ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas, xunto con coñecementos sobre as culturas de expresión portuguesa no mundo. Aviso importante para estudantes Erasmus: O ensino de Lingua Portuguesa na UVigo está dirixido a persoas que teñen o Galego e/ou o Castelán como linguas maternas, de maneira que a progresión adoita ser rápida. Por iso, non se recomenda a inscrición a estudantes Erasmus que non teñan xa un nivel B1 nestas linguas e, como mínimo, um nível A2 alto en Lingua Portuguesa.			

Competencias	
Code	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

CG11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
CG13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
CE29	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do terceiro idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.
CE30	Sentar as bases das habilidades de comprensión e expresión oral e escrita.
CE31	Coñecer as bases do repertorio léxico básico do terceiro idioma estranxeiro e expandir estes coñecementos a outras terminoloxías máis complexas.
CE32	Coñecer a gramática básica e fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais , léxicos e fraseolóxicos.
CE33	Coñecer os aspectos fundamentais socio-culturais e de civilización dos países nos que se fala o terceiro idioma estranxeiro.
CE34	Mostrar un coñecemento básico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe a perspectiva lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.
CE35	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do terceiro idioma estranxeiro co propio.
CE36	Desenvolver e mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios da xente que fala o terceiro idioma estranxeiro e alleos.

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
Coñecemento basico-medio do terceiro idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG5 CG6 CG8 CG10 CG12 CG13	CE29 CE30 CE31 CE32 CE33 CE34
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseológicos e gramaticales do terceiro idioma co propio.	CB1 CB2 CB4 CB5	CG1	CE29 CE30 CE31 CE32 CE34 CE35
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o terceiro idioma estranxeiro e alleos.	CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG5 CG6 CG7 CG10 CG11 CG12 CG13	CE30 CE33 CE34 CE36
Dominio oral e escrito do nivel B1, equivalente ao 'Diploma Elementar de português Língua Estrangeira' (DEPLE) e do 'Certificado de Proficiência em Língua Portuguesa para Estrangeiros' (Celpe-Bras).	CB1 CB2 CB4	CG1 CG3 CG4 CG6 CG7 CG8 CG10 CG11 CG12	CE29 CE33 CE34 CE35 CE36

Contidos

Topic	
Contidos gramaticais	Coñecemento específico do idioma referente ao paso do nivel A2 ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos léxicos	Revisión dos contidos do curso anterior. Léxico específico do nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.
Contidos Pragmáticos	Expresión oral e escrita do idioma (traballos escritos e presentacións). Comprensión oral e escrita do idioma (actividades diversas). Idiomatismos.

Cultura Lusófona	Algúns aspectos pertinentes á cultura dos países lusófonos.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Lección maxistral	8	0	8
Actividades introdutorias	2	8	10
Eventos científicos	4	12	16
Traballo tutelado	10	14	24
Estudo previo	4	12	16
Presentación	8	20	28
Resolución de problemas de forma autónoma	6	30	36
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Práctica de laboratorio	2	2	4
Exame oral	2	0	2

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Lección maxistral	Presentación do programa, directrices que deben ser cumpridas no curso.
Actividades introdutorias	Revisión do contido aprendido no curso anterior. Exercicios orais e escritos.
Eventos científicos	Charlas, seminarios e outros eventos ofertados na Facultade ou noutros espazos culturais.
Traballo tutelado	Traballos con foco especifico na expresión oral con fin de avaliar o proceso de aprendizaxe do idioma.
Estudo previo	Lecturas de libros, relatos, etc. co fin de incrementar o coñecemento do idioma. Presentacións en aula do contido lido.
Presentación	Presentacións de traballos sobre aspectos da cultura lusófona.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercicios gramaticais co obxectivo de verificar o proceso de aprendizaxe do idioma.

Atención personalizada

Methodologies	Description
Traballo tutelado	O profesorado fará un seguimento dos traballos e exercicios desenvolvidos polo alumnado, con foco especial na expresión oral.
Resolución de problemas de forma autónoma	O profesorado fará un seguimento dos exercicios e tarefas que o alumnado debe resolver de forma autónoma.

Avaliación

	Description	Qualification	Evaluated Competencess		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba de contido especificamente gramatical e léxico.	15	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG4 CG6 CG8 CG12	CE29 CE30 CE31 CE32 CE34 CE35
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba na que a/o estudante demostrará a súa capacidade de comprensión dun texto escrito e/ou oral en lingua portuguesa, a súa capacidade de argumentar, así como a súa competencia escrita e/ou oral en lingua portuguesa.	50	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG4 CG5 CG6 CG8 CG12	CE29 CE30 CE31 CE32 CE36
Práctica de laboratorio	Proba oral, presentación de traballos, etc.	35	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG3 CG7 CG8 CG10 CG11	CE29 CE33 CE34 CE35

Other comments on the Evaluation

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación **continua** (cf. descrición en "avaliación") ou un sistema de avaliación **única.**

É recomendable elixir o primeiro sistema, **avaliación continua,** xa que se trata do ensino dunha lingua estranxeira e é necesario asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicalo ao profesor.

Primeira edición das actas

No sistema de avaliación continua a nota final estará baseada na media das notas de todas as probas arriba indicadas e o traballo continuado do alumnado. A non realización das probas ou exercicios parciais, previstos polo sistema de avaliación continua, supón o suspenso cunha nota de 0 (cero) puntos na mesma. A data do último exame de avaliación continua (exame escrito e oral de 50%) coincidirá coa data do exame "avaliación única" indicada no calendario oficial da FFT. A data do exame oral será acordada co profesor ao longo do período de exames. A proba oral será gravada en forma de audio.

A **avaliación única** consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT, seguido doutro exame oral, que será realizado no mesmo día nunha aula continua. A avaliación única será valorada da seguinte maneira:

1. Exame escrito teórico-práctico: 75% da nota final.

2. Exame oral: 25% da nota final. A proba oral deberá ser gravada en forma de audio coa debida autorización do alumnado.

Faltar sen xustificación a un destes exames supón o suspenso cunha cualificación de 0 (cero) puntos no mesmo. Para poder aprobar a materia, é necesario aprobar ambos os exames (escrito e oral). No caso de que se suspenda un dos exames, o alumno/a deberá repetir as dúas partes (escrita e oral) na convocatoria de xullo.

Segunda edición das actas

Os mesmos criterios explicados arriba sobre a avaliación única serán aplicados na segunda edición das actas (xullo). A data do exame coincidirá coa data destacada no calendario oficial da FFT.

Consideracións xerais

Copia ou plaxio nos exames de avaliación continua ou única serán penalizados cun suspenso (0 puntos).

Recoméndase a asistencia regular ás clases e ás titorías, así como a consulta regular de materiais e información específica na plataforma Moovi.

As datas e os horarios das probas nas súas diferentes convocatorias seguirán o calendario oficial de exames aprobado pola Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Basic Bibliography

Com ou sem Acento?, Porto Editora, 2012

Ciberdúvidas da Língua Portuguesa,

Corrector ortográfico e sintáctico,

Português para estrangeiros: Gramática básica,

Dicionário Priberam da Língua Portuguesa,

Dicionários on-line de idiomas,

Boléo, Ana, **Por falar nisso ... Manual de expressâo oral em português**, Lidel, 2019

Coimbra, Isabel, e Coimbra, Olga, **Gramática Ativa 1**, Lidel, 2011

Cunha, Celso e Lindley Cintra, **Nova Gramática do Português Contemporâneo**, Sá da Costa, 2000

Duarte, Gonçalo, **Histórias de bolso : 21 contos de autores lusófonos anotados para estrangeiros / escolha dos textos, anotações e exercícios**, Lidel, 2016

Júnior, Joaquim Mattoso Câmara, **Estrutura da Língua Portuguesa**, Vozes, 1989

Kuzka, Robert, **Passaporte para português. 2, Livro do aluno, nível B1**, Lidel, 2019

Mascarenhas, Lúcia; Sousa, Susana Carvalho, **Cultura e história de Portugal : ensino português no estrangeiro, vol. 1 A2/B1**, Lidel, 2013

Rosa, Leonel Melo, **Vamos lá começar! : explicações e exercícios de gramática e de vocabulário : níveis elementar**, Lidel, 2002

Ruela, Isabel, **Vocabulário Temático**, Lidel, 2015

Complementary Bibliography

Cristóvão, Fernando (dir. e coord.), **Dicionário Temático da Lusofonia**, Texto Editores, 2005

Machado, José Barbosa, **Introdução à História da Língua e Cultura Portuguesas**, Edições Vercial, 2009

Recomendacións

Subjects that it is recommended to have taken before

Terceiro idioma estranxeiro I: Portugués/V01G180V01506

Other comments

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Aviso importante para o alumnado de intercambio (Erasmus): o ensino de Lingua Portuguesa na Uvigo se dirixe a un alumnado que ten as linguas galega e/ou castelá como linguas maternas, de maneira que a progresión habitualmente é rápida. Non se recomenda ao alumnado de intercambio que non teña ou un nivel B1 nestas linguas e un A2 alto (como mínimo) en Lingua Portuguesa matricularse nesta materia.

Plan de Continxencias

Description

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET

DOCENCIA NON PRESENCIAL
*Metodoloxías docentes.
En caso de que as circunstancias obriguen a unha docencia non presencial, manteranse a maior parte das metodoloxías docentes, dado que o alumnado disporá na plataforma de ensino virtual Moovi das indicacións puntuais e dos materiais necesarios para acompañar os eventos docentes e divulgativos.
Procurarase restrinxir ao máximo a sesión maxistral e utilizarase a sala virtual do profesorado para as postas en común e resolución de dúbidas, a corrección de exercicios e a resolución de problemas.
En xeral, indicaranse semanalmente os contidos que se van tratar, así como os materiais que deberán consultar e os exercicios que deberán realizar e entregar.

* Titorías (Mecanismo non presencial de atención ao alumnado).
As titorías non presenciais realizaranse por medio da plataforma Moovi, a través do correo electrónico e de ser o caso, a través da sala virtual do profesorado.

* Contidos a impartir
Os contidos son os mesmos que na modalidade presencial.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
A bibliografía indicada para a modalidade presencial inclúe manuais materiais para a auto-aprendizaxe.
Na propia plataforma Moovi da materia hai materiais bibliográficos útiles para unha aprendizaxe autónoma.

*Avaliación
Mantéñense todas as probas previstas para a modalidade presencial, dado que poden ser realizadas por vía telemática a través de Moovi ou da aula virtual.

* Información adicional
É responsabilidade do alumnado manter o contacto co profesorado así como a súa participación activa no desenvolvemento da docencia, participando nas actividades docentes e realizando as probas de avaliación.
As comunicacións do profesorado co alumnado terán un carácter xeral e irán dirixidas ao grupo, polo que é responsabilidade do alumnado estar pendente desas informacións.
En caso de ter algún problema de tipo técnico que dificulte o acceso á docencia virtual, o alumnado debe poñelo canto antes en coñecemento dos servizos técnicos da universidade (SAUM), onde poderá recibir asesoramento.

====DOCENCIA COMBINADA: PRESENCIAL/NON PRESENCIAL====

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases

dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

IDENTIFYING DATA				
Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: Portugués				
Subject	Literatura e cultura do segundo idioma estranxeiro: Portugués			
Code	V01G180V01706			
Study programme	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descriptors	ECTS Credits	Type	Year	Quadmester
	6	Mandatory	4	1c
Teaching language	Portugués			
Department	Filoloxía galega e latina			
Coordinator	Baltrusch , Burghard			
Lecturers	Baltrusch , Burghard			
E-mail	burg@uvigo.es			
Web	http://http://estudoslusofonos.blogspot.com/			
General description	Nesta materia trátase de adquirir un coñecemento e unha comprensión básicas tocante aos desenvolvementos e ás correntes máis importantes da historia das literaturas e culturas lusófonas (portuguesa, brasileira e africana) a través de textos literarios, obras audiovisuais, música, entre outras. Leranse e comentaranse obras e/ou excertos de obras literarias seleccionadas dos ámbitos brasileiro, português e africano lusófono. O obxectivo consiste en comprender, saber relacionar e saber analizar de xeito crítico os principais desenvolvementos literarios e culturais contemporáneos en Portugal, no Brasil e nos PALOP a partir do comentario e da interpretación de textos literarios e outros fenómenos culturais.			

Competencias	
Code	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz.
CG4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.

CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
CE23	Desenvolver a capacidade crítica respecto ás diferentes aproximacións de estudo e a súa posta en práctica.
CE24	Sentar as bases e desenvolver a comprensión dos aspectos históricos e socio-culturais básicos dos grandes momentos da literatura expresada no segundo idioma estranxeiro.
CE25	Coñecer os principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma moderno nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais.
CE26	Saber comentar e contextualizar obras e autoras/es seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.
CE27	Mostrar un coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma moderno nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/dos principais autoras/es que a protagonizan.
CE28	Desenvolver a capacidade de comentar e contextualizar obras e autores seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.

Resultados de aprendizaxe

Learning outcomes	Competences		
Comprender, saber analizar, comentar e discutir de forma crítica textos literarios e outras producións culturais provenientes de diferentes ámbitos lusófonos.	CB2 CB3	CG6 CG7 CG8 CG9 CG11	CE26 CE28
Saber redactar textos (en forma de posts, pequenos ensaios e/ou traballos de proxecto dirixidos), realizar exposicións orais e debater nun nivel académico e crítico sobre temas relacionados coa literatura e cultura lusófonas.	CB2 CB4	CG4 CG6 CG9 CG11 CG12	CE23 CE27 CE28
Saber elaborar textos e proxectos de divulgación e de didactización de contidos literarios e culturais lusófonos en diferentes soportes.	CB2 CB4 CB5	CG4 CG5 CG6 CG9 CG10 CG12	CE23 CE26 CE27 CE28
Coñecemento básico dos principais movementos, épocas e tendencias na historia da literatura do segundo idioma estranxeiro nolos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais e das/as principais autoras/autores que a protagonizan.	CB1 CB2 CB3	CG2 CG4 CG5 CG10 CG11 CG12	CE23 CE24 CE25 CE27
Desenvolvemento da capacidade de comentar e contextualizar obras e autoras/es seleccionados da literatura do segundo idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG2 CG6 CG7 CG8 CG11 CG12	CE23 CE26 CE28

Contidos

Topic	
Elementos de estudos culturais portugueses e aspectos da historia da Lusofonía desde o século XII.	Historia de Portugal; Historia dos descubrimentos e da colonización; Historia do Brasil; Historia dos PALOP; Formación das identidades culturais e nacionais; Aspectos antropolóxicos e etnolóxicos seleccionados.
Aspectos seleccionados das principais épocas e correntes das literaturas portuguesa, brasileira e africana lusófona.	Renacemento; Barroco; Ilustración; Romanticismo; Modernismo e outras vangardas; Literatura colonial e poscolonial; Correntes actuais; Formación da literatura brasileira; Formación dos sistemas literarios nos PALOP.

Elementos de análise de correntes, de autoras/es, de obras e/ou de excertos de obras seleccionadas.	Obras e/ou excertos de obras procedentes das seguintes épocas: Idade Media; Renacemento; Romanticismo; Modernismo e outras vangardas; Literatura colonial e poscolonial; Correntes actuais; Formación da literatura brasileira; Formación dos sistemas literarios nos PALOP.
Exemplos seleccionados de música e obras audiovisuais contemporáneas da lusofonía.	Exemplos procedentes de Portugal Brasil PALOP
Elementos seleccionados da actualidade cultural lusófona.	Política; Blogs; Outros aspectos actuais.

Planificación

	Class hours	Hours outside the classroom	Total hours
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	16	8	24
Traballo tutelado	0	30	30
Presentación	2	20	22
Estudo de casos	12	20	32
Aprendizaxe colaborativa	20	20	40

*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Metodoloxía docente

	Description
Actividades introdutorias	Organización interna da materia. Información bibliográfica. Introdución ás ferramentas dixitais. Temas e organización dos traballos tutelados e doutros exercicios.
Lección maxistral	Os principais temas da materia serán introducidos a través dunha serie de exposicións maxistrais por parte do profesor en lingua portuguesa.
Traballo tutelado	Cada estudante realiza ao longo do período lectivo un traballo de proxecto escrito, dirixido polo profesor, sobre un tema relacionado coa literatura e/ou cultura da lusofonía.
Presentación	Cada estudante realizará unha exposición oral de aproximadamente 20 minutos sobre un tema relacionado coa Lusofonía, cuxa preparación será dirixida polo profesor.
Estudo de casos	Realizarase unha serie de sesións dedicadas á análise pormenorizada de textos literarios e/ou outros aspectos culturais específicos da lusofonía.
Aprendizaxe colaborativa	Proxectos, comentarios, lecturas e outros traballos realizados ao longo do cuadrimestre.

Atención personalizada

Methodologies	**Description**
